

Ministerio do Interior

Grupo de Traballo da DGP

25/09/2025

A reunión do grupo de traballo foi un copia e pega das anteriores reunións. Menos persoal, concursos que non inclúen todas as vacantes nin moitos dos postos ocupados en comisión de servizos, comisións de servizo que se dan sen publicar entre todo o persoal e/ou con criterios cando menos, pouco transparentes...

A posición da CIG nestes temas foi a mesma que nas anteriores reunións. Nos diferentes temas tratados manifestamos o seguinte:

Efectivos

Só temos ocupado o 44,08% de postos de funcionariado e o 37,59% de persoal laboral. A CIG denunciou que nin o Ministerio nin a DGP están facendo nada por incrementar o persoal.

Na nosa opinión, os principais motivos polos que a xente non opta a postos na DGP son:

- Falta de promoción para os Corpos Xerais.
- Cobertura de postos con maior nivel mediante comisións de servizo que se dan con moi pouca transparencia.
- As retribucións son das máis baixas da AXE
- Nas unidades de documentación os Corpos Xerais e o do CNP fan o mesmo traballo pero o soldo é moi diferente.

Ocupación provisional de postos e concursos

A CIG pediu que os postos que se vaian cubrir mediante comisión de servizos se publiquen entre o persoal e os criterios para resolver o proceso sexan obxectivos e públicos. Non vale que se den polo sistema da "dedocracia" ou que os criterios se modifiquen en función do posto que se convoque.

Tamén denunciámos que hai postos na Galiza que levan cubertos máis de 2 anos e non se queren incluír no concurso de traslados.

En canto ao **concurso xeral**, a súa publicación vai ser en outubro. A CIG está pendente de que se valoren as súas alegacións para a inclusión de máis prazas das previstas.

Productividade

Vannos convocar a unha reunión o vindeiro mes para facer o seguimento da instrución de produtividade.

Nova Intranet

Está prevista a posta en marcha dunha nova intranet coincidindo coas festas da Policía. Entre as medidas de mellora vai estar a do uso dun buscador de google, o que permitirá poder atopar a información que está introducindo na páxina. Terá unha parte pública e unha privada, na que estará o acceso ao correo-e, á que se accederá mediante carnet profesional ou DNI e un sistema de dobre autenticación coa aplicación authenticator.

Tamén está previsto que todo o persoal teña unha conta de correo corporativo aínda que non vai ser agora mesmo porque require un proceso administrativo para poder contratar máis licencias.